



O tear do Pazo empregouse na época de esplendor do mesmo como unha pequena fábrica téxtil, para a confección de diversos tipos de prendas (roupa, mantelería, colchas...) a partires de materiais como a lá ou o liño.

Antigamente, o oficio do telar era fundamental no mundo rural. Por iso, a mediados do século XVIII existían na Galicia rural preto de 6.000 artesáns independentes, predominantemente mulleres.



Neste mesmo século, época de maior apoxeo da industria artesanal, o liño é a fibra que se cultiva maioritariamente en Galicia. Trátase dunha planta herbácea que atangue metro de altura e pertence á familia das lináceas.

Para fiar xuntábanse nas noites de inverno varias mulleres nunha casa, dando lugar a unha fiada, onde acudían outras persoas a cantar ou a contar contos. Despois da xornada de traballo, os fiadeiros convertíanse nun lugar de diversión para a xente nova; onde se cantaba, bailaba, e se bebía o viño, motivo polo cal o clero rural censuraba as desordes morais que ocasionaban as fiadas.



## EXPOSICIÓNS ETNOGRÁFICAS PAZO DA PENA

Lugar da Pena, Rozavales.

32781 Manzaneda - Terra de Trives - Ourense.

e-mail: [info@pazodapena.com](mailto:info@pazodapena.com)

Telf: 988 333 038

[www.pazodapena.com/exposicions](http://www.pazodapena.com/exposicions)

COORDENADAS

GD: Latitude: 42.3038 | Lonxitude: -7.238

GMS: 42°18'13.68" N | 7°14'16.8" O



## PAZO DA PENA



# A INDUSTRIA TEXTIL GALEGA

A actividade textil en Galicia foi fundamentalmente artesanal ata ben chegado o século XX. Era un labor complementario dos demais traballos agrarios, desenrolado sobre todo nos longos períodos invernaís.

Ata o século XIX, o vestido considerábase un ben de primeira necesidade e non un ben de consumo. Será a partires da revolución industrial cando os produtos téxtiles se convertan en obxectos de consumo masivo, cuxo principal valor radicará na súa función social.

Durante os anos 60 e 70, o incremento da demanda provocou que os oficios tradicionais derivaran cara a constitución de pequenas empresas e obradoiros que iniciaron o proceso da confección en cadea.

Ao comezo dos anos 80, o desenvolvemento dunha cobertura industrial de alto nivel tecnolóxico, xunto co lema de "Moda Galega", orixinan o recoñecemento do sector como prioritario dentro da economía galega.

Nas dúas derradeiras décadas, o sector téxtil galego consolídase como un dos principais motores económicos de Galicia, gozando dun gran recoñecemento a nivel internacional.



## ○ TEAR



Tear visitable no Pazo da Pena Manzaneda

O tear manual remóntase a era antiga. Nos séculos XVII e XVIII apenas había en Galicia aldeas sen teares, pois a xente tecía nas súas casas o lenzo que logo vendían nos mercados, motivo polo cal a produción de lenzo era moi elevada. Aínda que co paso do tempo o cultivo do liño foi desaparecendo, aínda hoxe quedan teares en varias aldeas de Galicia.



No 1785 E. Cartwright iniciou a transformación do tear manual ao **tear mecánico**, que aínda seguía sendo de madeira ao principio, mais non precisaba da enerxía humana para o seu funcionamento.

Foi o punto de arranque para a súa mellora e, ademais, impulsou avances técnicos na fiadura a fin de que ésta puidera abastecer a maior demanda de fío.

Os teares mecánicos non chegaron a fabricarse de fundición ata a segunda década do século XIX, cando se empregaron na industria do algodón, non adaptándose á lá ata 1860.

### TEARES SEN LANZADEIRA

Ao longo do século XIX vanse introducindo diversos tipos de teares mecánicos, unha das máquinas máis emblemáticas do textil. A partir da década dos setenta comezan a ser substituídos por outros nos que a propulsión do fío da trama se realiza por métodos que eliminaron por completo a lanzadeira, e cos que se obteñen rendementos moi superiores aos convencionais.



O **tear manual** está montado sobre un bastidor que proporciona o soporte que se require para soste as partes móbiles, cos fíos do urdido paralelos con respecto ao chan. Na parte posterior do tear atópase un cilindro ao redor do cal se enrolan os fíos do urdido para mantelos tensos. O cilindro vírase a medida que se fabrica o tecido, para dispor de máis urdido para tecer.

O proceso básico de tecido é pasar os fíos do urdido alternadamente por riba e por baixo dos fíos da trama. As materias primas utilizadas neste tipo de tecidos van desde as fibras como o liño ou a lá ata fibras vexetais como o algodón ou fibras de madeira.

